



# XORNADA

## Faite Profesional do Ámbito Sociosanitario

**Lola Lago** (Madrid, 1967)

**Formación:** Técnico Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas.

### - Que fai un experto en apps sociosanitarias?

-Utiliza a súa formación e os seus coñecementos para aplicar as TIC a apps dirixidas a mellorar a calidade de vida das persoas.

### - Como chegaches a esta especialización?

-A través de Promedia. Entrei en contacto coa empresa para realizar as miñas prácticas, propuxéronme "Pictosonidos", o proxecto pareceume moi interesante porque era innovador; dirixíase a un colectivo de persoas concreto, cunhas necesidades que hai que cubrir e prestarlles atención; tiña unha formulación, unha metodoloxía e uns obxectivos moi claros; ademais adaptábase ao tipo de proxectos que a min me interesa desenvolver e así ata o día de hoxe.

### - Que oportunidades de futuro representa?

-Enormes. Enormes porque tanto as entidades privadas coma as públicas terminarán apostando forte polas aplicacións sociosanitarias. Unha sociedade que predica a integración social de todas as persoas -con colectivos concretos que teñen necesidades especiais e que medran cada día, por problemas médicos, emocionais ou de aprendizaxe, aos que hai que sumar o colectivo da terceira idade- está abocada, a medida que evoluciona e que as necesidades básicas da poboación están cubertas, a cubrir estas necesidades específicas. A propia sociedade pídeo e demándao cada día máis.

Evidentemente as TIC aquí son unha ferramenta fundamental, porque son adaptables a cada colectivo. A súa maleabilidade permite personalizalas e adaptalas para cubrir totalmente as necesidades especiais destes destinatarios. Nunha sociedade onde os dispositivos dixitais forman parte da vida cotiá, a integración e a mellora substancial da calidade de vida dos seus membros pasa polo desenvolvemento de aplicacións sociosanitarias adaptadas ás necesidades específicas que demanda cada colectivo social. Esta é unha realidade que xa está enriba da mesa.



# XORNADA

## Faite Profesional do Ámbito Sociosanitario

### - Que recomendacións lles darías a quen queira orientar o seu futuro laboral cara a esta profesión?

-En primeiro lugar animaríaos porque creo sinceramente que é unha profesión con futuro, con moito futuro. Así como hai outros eidos dentro do desenvolvemento de aplicacións que están máis trillados, aquí queda todo por facer; apenas comezamos. A sociedade do século XXI necesita personalizar e achegarlle ao usuario aplicacións que melloren a súa calidade de vida, que lle axuden a coidar da súa saúde, que lle faciliten e se adapten ao seu nivel de aprendizaxe, que se adapten ás súas discapacidadeas para poder desenvolver todas as súas capacidades.

A nivel persoal, creo que este tipo de aplicacións nos enriquecen a todos. Conseguen unha sociedade plural - onde todos e cada un de nós "coas nosas particularidades" temos o noso sitio, o cal nos permite interaccionar e enriquecernos-; conseguen unha sociedade cuns membros integrados e seguros porque se senten escoitados e senten que as súas necesidades son importantes para o resto e por iso se atenden; en definitiva, unha sociedade que evoluciona e medra.

E por último, parafraseando a Confucio, "Traballa en algo que che guste, e nunca terás que traballar".